



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/2
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 23 DE FEBREIRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

MONICA VILELA VILELA

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

JAVIER LEMA SUAREZ

AUSENCIAS:

MANUEL CARAMES LOPEZ

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

TANIA ROMERO GARCIA

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.-Aprobación da Acta da sesión anterior

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- Acordo que proceda sobre obras e gasto corrente POS 2022

A Secretaria expón que todos os grupos municipais teñen copia da Proposta de Alcaldía neste punto.

O Sr Alcalde manifesta: Presentamos unha proposta xa tratada na comisión informativa así como públicamente.

Intervén seguidamente Dña Sandra Vilela: " Nos absteremos e o facemos porque foi aceptada a proposta do PP nesa Comisión. As obras que pedios están aprobadas e que ían no plan



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

alternativo que nos fixo facer en trece hora. Cremos que debe de explicar porque non dialogou antes e trae o POS o penúltimo día sen saber se ten consenso e porque nonañadiu as obras da oposición, e 12 horas despois dalle a oposición o POS e agora acepta as obras que se lle propuxeron. Non diga que é para salvar o POS porque se tivese un mínimo de responsabilidade política e lle preocupase algo que o POS saise adiante non estaría agora atento ao teléfono se non a o que falamos. Vostede quere confrontación, dividir á sociedade muxiana e ten que usar esa estratexia política porque non ten outra forma de tapar a súa pésima xestión.”

Intervén seguidamente D Carlos Fdez Concheiro: “ Recoñezo o exercicio de responsabilidade do PP e sei que foi unha decisión difícil e sobre todo despois das últimas declaracións do Alcalde nas redes facendo descalificacións. Debe recoñecer este feito de non perder o POS pola responsabilidade da oposición. Entendo o voto negativo dos non adscritos, porque levades aguantando meses de ataques persoais, descalificacións e creo que así non se fai política. Respecto á actuación do equipo de goberno nestes días, non insistindo no tema do diálogo, teño que dicir que é Alcalde e quen debe de saber en última instancia cómo funciona a Administración e parece increíble que non de unha explicación dos dous días posteriores ao pleno e sobre o de facer un plan alternativo en 12 horas, xa que segundo as Bases do POS era imposible se non se presentaban os proxectos, que se aprobasen. Onde está ese procedemento especial do que falastes que ía darnos a Deputación para aprobar o POS dunha forma poco habitual?”

Creo lago, que deberías de medir as túas declaracións nas redes sociais e medios de comunicación. Falta recoñecemento á actitude responsable da oposición e temén, coas descualificacións faise que a vida política e incluso social entre os veciños/as se complique porque dá lugar a liortas e rencillas persoais que non teñen por que ser. A política non está para crear problemas se non para solucionarlos.”

Intervén seguidamente Dna Mónica Vilela: “ Primeiro quero excusar a ausencia de Caramés e mandarlle moito ánimo pois está pasando por unha situación familiar grave. As outras dúas persoas excusanse soas, e se non traia aquí a retirada da dedicación exclusiva dunha delas como f ixo coa miña.

Despois do pleno anterior recibimos un escrito para que presentásemos nunhas horas obras. Trouxemos unhas obras por unha cantidade grande . Tamén coñecemos as Bases do POS. Dende maio de 2021 había un compromiso da Alcaldía que incumpriu neste sentido. O Plan complementario é unha reserva e por elo se a Deputación non ten fondos para o Plan Complementario tampouco haberá para as obras. Volve a ser igual que o ano pasado e outra vez máis o Alcalde usa a oposición para sacar adiante o POS. O lóxico é poñer obras grandes que non pode asumir o Concello e facer as pequenas co diñeiro que poda ter o Concello. Así faríanse máis obras que as que se farán aprobando o POS.

Asumo a miña responsabilidade e votarei non.”



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A Alcaldía, sen permitir a Dna Sandra Vilela unha segunda intervención que demanda, somete o asunto a votación, que cos votos a favor do grupo municipal PSOE (3) e Mixto (1), coa abstención dos integrantes do grupo municipal do PP (3), e co voto en contra de Dna. Mónica Vilela, acorda:

- 1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	61336,51
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	61336,51

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora camiño veciñal en Bardullas	59025,93	0	0	0	59025,93



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Ampliación redes saneamento e pluviais no núcleo de Frixe	107650,29	0	0	0	107650,29
Subtotal investimentos achega provincial 2022	166676,22	0	0	0	166646,22

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora viario en Figueroa	45856,02	0	0	0	45856,02
Mellora viarios núcleo de Sorna	185232,53	5707,25	0	5707,25	190939,78
Mellora vías públicas localidade de Buiturón	39085,04	0	0	0	39085,04
Mellora viario martineto	48243,85	0	0	0	48243,85
Subtotal investimentos achega provincial 2021	318417,44	5707,25	0	5707,25	324124,69



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	61336,51				61336,51
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0				0
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	166676,22	0		0	166676,22
	Achega 2021	318417,44	5707,25			324124,69
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo	0	0			0



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

	2022				
Achega 2022	228012,73	0		0	228012,73
Achega 2021	318417,44	5707,25		5707,25	324124,69
Préstamo 2022	0				0

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Acondicionamento vial en Armeas-Os Muiños e ramal a Agreiras	41137,60	0	41137,60
Acondicionamento vial Os Pasantes-Fumiño	34484,53	0	34484,53
Acondicionamento vial Quintans-Praia de Lago	71855,93	0	71855,93
Acondicionamento vial Suxo-Pardiñas	49060,73	0	49060,73
Acondicionamento vial Vilardouteiro-Castro	38833,87	0	38833,87
Acondicionamento vial Coucieiro-trasufre	64750,38	0	64750,38
Acondicionamento vial en	39689,14	0	39689,14



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Vilarbello e acceso a Morquintian			
TOTAIS	339812,18	0	339812,18



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto (OU EN VÍAS DE RESOLUCIÓN SOLICITUDES FORMALIZADAS) o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, para os proxectos que segundo os informes técnicos e xurídicos os requiran.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

9.- Presentar no seu día, ao Plan Adicional que no seu caso a Deputación Provincial aprobe, as obras seguintes:

Víal Armear-Labexo

Víal Agreiras-Castelos

Víal Caberta

Depuradora de Quintans

Víal Moraime-Oruxo.

iniciándose os trámites oportunos para a redacción dos proxectos das mencionadas obras, sendo sometida a Pleno a proposta que teña que ser realizada ao respecto para a súa presentación en Deputación, con independencia de que as bases que regulen po Plan Adicional o considere non preciso, previa deliberación, con tempo suficiente, en Comisión informativa do asunto.

10 -Non ratificar o Decreto de Alcaldía de data 11 de febreiro 2022, sobre POS 2022.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Ás 20:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, martes 1 de marzo de 2022

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña